

## LINGUA CASTELÁ E LITERATURA PENDENTES (CURSO 2023- 2024)

Estimadas familias:

Informámoslles das diferentes opcións ás que o alumnado poderá recorrer para recuperar a materia de **Lingua Castelá e Literatura pendente de CURSOS ANTERIORES**:

▪ **Opción 1:**

Procedementos e instrumentos de Avaliación	Ponderación
– actividades e traballos de recuperación (datas propostas polo profesorado ao longo do curso)	un 20% (da cualificación final)
– 1ª proba parcial	un 40% (da cualificación final)
– 2ª proba parcial	un 40% (da cualificación final)

▪ **Opción 2:**

Procedementos e instrumentos de Avaliación	Ponderación
– 1ª proba parcial	un 50% (da cualificación final)
– 2ª proba parcial	un 50% (da cualificación final)

- O alumnado que non supere a materia escollendo calquera das opcións anteriores, terá unha **proba final no mes de maio** de toda a materia (un 100% da cualificación final).

Se neste exame non se acadase o mínimo esixible (un 5), o alumnado podería obter unha avaliación positiva na materia pendente sempre que se cumpran **os seguintes requisitos**.

- Terse presentado a todas as probas para a recuperación de materia pendente.
- Ter acadado, como mínimo, un 5 na avaliación final na materia de Lingua castelá que estea cursando no ano académico 2023/2024 .
- Neste caso a nota será un 5.

- O profesor/-a de Lingua Castelá no presente curso será o encargado de ofrecerlle ao alumnado coa materia pendente o apoio necesario no proceso de recuperación e de realizar o seguimento do mesmo.

➤ **Datas das probas:**

- Actividades e traballos de recuperación:** datas indicadas polo profesor/-a do curso.
- 1º parcial:** xoves 25 de xaneiro, ás 11.20 (4ª hora na Aula de Debuxo) .
- 2º parcial:** xoves 18 de abril, ás 11.20 (4ª hora na Aula de Debuxo).
- Exame final:** xoves 23 de maio, ás 11.20 (4ª hora na Aula de Debuxo).

➤ **Lugar onde atopar o temario e traballos de recuperación:**

Cursos en EDIXGAL (*Lingua castelá pendentes 2º ESO*). O profesor/-a da materia de *Lingua castelá* do presente curso e a xefa de departamento daranlle as indicacións ao alumnado pendente ao longo do curso académico 2023/24.

- **Información da evolución da materia de pendentes:** no boletín de notas, no apartado de materia pendente de cada avaliación, figurará unha nota numérica informativa que se corresponderá co traballo e notas do alumnado.



Eu \_\_\_\_\_ pai/nai/titor/-a do

alumno/a \_\_\_\_\_ recibín a

información sobre a recuperación de Lingua Castelá pendente de 2º ESO.